

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN OUTRAS HISTORIAS POSIBLES

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte,

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, consonte aos poderes outorgados polo Padroado da mesma na súa sesión de 16 de decembro de 2016 e do artigo 31 dos Estatutos a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Doutra parte,

FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL, con domicilio social en Cantón Grande, número 8 de A Coruña, e provista do NIF G70270293.

Está representada neste acto por D. Pedro Antonio Otero Espinar na súa condición de Director Xerente e Apoderado, consonte aos poderes outorgados polo Padroado da mesma.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou "Convenio"), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** (en diante, Fundación) foi constituída en 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 2000/1.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación constitúe o seu obxecto social "*a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción,*



exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a Fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na **difusión cultural**, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das **novas tecnoloxías**.*
- c) *As que **fomenten a interrelación** e os proxectos en conxunto entre **axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas**, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

Así mesmo, o **IIº Plan Estratéxico para a Cidade da Cultura de Galicia 2021-2027** estableceu como principais obxectivos estratéxicos, entre outros;

OE1. Desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo;

- o Acción 1.2.3. Promotores externos.
- o Acción 1.3.2 Novos públicos

- OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego

- o Acción 1.2.2 Produtores de contidos expositivos de calidade para espazos cultural de Galicia.
- o Acción 1.4.3 Descentralización (descentralizar a programación da Cidade da Cultura e afondar nas itinerancias das principais exposicións, remarcando o papel da CdC como comisaria destas).
- o Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado (promover a co-creación de proxectos compartidos, como unha aproximación creativa ás empresas e marcas para o deseño de proxectos personalizados que fagan coincidir os valores da Cidade da Cultura cos das empresas).

En virtude do anterior, entre maio de 2024 e xaneiro de 2025, a Fundación contratou a creación artística e promoveu a exhibición pública do proxecto *Outras Historias Posibles* no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia. Este proxecto comisariado por Susana Cendán Caaveiro, unha mostra que quere recuperar un conxunto de seis mulleres artistas que comezan a despuntar na década dos 80 do pasado século en Galicia.



A exposición consta coa participación de 6 artistas que responden a esta conceptualización do comisariado:

- Ana García Pan
- Emilia Guimeráns
- Anne Heyvaert
- Tusi Sandoval
- Blanca Silva
- Laura Terré

A exposición fai un percorrido pola obra destas artistas galegas, ou vinculadas a Galicia, nun determinado momento histórico, xa que a súa traxectoria non acadou a mesma visibilidade e proxección que a dos seus coetáneos, nese contexto marcado pola supremacía de Atlántica e polas tendencias pictóricas internacionais como o Neoexpresionismo alemán ou a Transvanguardia italiana. Estes movementos aspiran a crear unha linguaxe enraizada na tradición e na identidade galega, e por outra banda recuperan o culto á figura do artista que protagonizan grandes individualidades masculinas.

SEGUNDO.- Que a **FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL** (en diante a "Afundación") foi constituída en 2013 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Afundación foi clasificada de interese social e de fomento da economía produtiva de Galicia, por Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de decembro de 2013 (DOG do 18 de decembro), e declarada de interese galego por Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG de 19 de decembro).

Entre os fins estatutarios de Afundación encóntranse actuacións relativas ao apoio á cultura para cuxa consecución executará, potenciará e/ou proporá, entre outras, as seguintes actividades: promoción do coñecemento, protección e axuda aos bens do patrimonio histórico e cultural de Galicia; impulsar e promover a difusión da arte mediante estudos, publicacións, exposicións e a investigación. Igualmente, fomenta o enriquecemento cultural a través de actividades propias de museos, bibliotecas, etc.

Afundación conta cunha longa traxectoria a prol da cultura e posúe en todo o territorio galego espazos onde difunde e organiza o seu programa cultural.

Afundación mantén e desenvolve unha importante actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, e dispón de salas expositivas onde se exhiben destacadas obras do patrimonio cultura de Galicia.



A idoneidade da súa sede na cidade da Coruña para a exhibición do proxecto temporal *Outras Historias Posibles* deriva da súa capacidade espacial para acoller exposicións de artes visuais e tamén o seu recoñecemento por parte da cidadanía galega, como contedor cultural de referencia, cunha actividade continua e moi relevante para Galicia.

Dispoñendo Afundación dos medios óptimos para a exhibición deste proxecto expositivo é de interesa para ambas institucións organizadoras unha mostra artística que pon en valor a arte galega actual da man da autoría de seis mulleres artistas visuais pertencentes ao noso contexto.

TERCEIRO.- Que a Fundación e a Afundación, no convencemento da relevancia de traballan conxuntamente co obxectivo de achegar ao maior número de visitantes aos proxectos de posta en valor das artes visuais galegas que contribúan ao enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía.

Tendo en conta o anterior, a Fundación e a Afundación, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio, a colaboración entre a Fundación e a Afundación, para que a exhibición pública da exposición *Outras Historias Posibles* comisariada por Susana Cendán Caaveiro para a sede Afundación A Coruña entre o 10 de marzo e o 30 de maio de 2026.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, a **FUNDACIÓN**, como CO-ORGANIZADORA da actividade, se obriga a:

- 1 Proporcionar e facilitar a entrega das obras artísticas, así como as súas embalaxes, que conforman o proxecto expositivo e que figuran no listado do Anexo I deste documento.
- 2 Proporcionar os 4 audiovisuais que configuran as entrevistas ás artistas Emilia Guimeráns, Anne Heivaert, Blanca Silva e Laura Terré.
- 3 Proporcionar os equipos audiovisuais, as vitrinas e/ou elementos expositores e en xeral todos os materiais expositivos que figuran no listado ou Anexo I deste documento.
- 4 Cesión con carácter gratuíto e de forma non exclusiva, á AFUNDACIÓN dos arquivos fotográficos incorporados pola Fundación ao proxecto expositivo *Outras Historias Posibles* ", para fins publicitarios, con ocasión da exhibición deste produto na sede expositiva de Afundación, durante o ano 2026.



- 5 Aportar a adaptación do deseño museográfico e gráfico das salas da Sede Afundación A Coruña.
- 6 Proporcionar 1 técnico/a cualificado/a de rexistro de obras de arte durante a apertura e colocación de colocación das obras artísticas que compoñen o proxecto expositivo e figuran non anexo I.
- 7 Dispersión final da obra artística que figura no Anexo I deste documento unha vez rematado o período de itinerancia.
- 8 Coorganizar o acto de inauguración en coordinación coa Afundación. A Xunta de Galicia-Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Afundación actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer a experiencia artística, acordando previamente a súa convocatoria e contido.
- 9 Envío de 50 catálogos da exposición para distribución por parte da Afundación

En virtude do presente acordo, a **AFUNDACIÓN** obrígase a:

1. A posta ao dispor das salas de exposicións, nas datas consignadas no pacto primeiro do presente convenio.
2. Directamente, ou a través de terceiros, levar a cabo a contratación da concentración, das obras artísticas e materiais expositivos desta exposición que figuran no Anexo I. Farase cargo dos gastos derivados deste transporte.
3. Farase cargo da contratación e gastos derivados do seguro cravo a cravo das obras artísticas do proxecto expositivo que figuran no Anexo I.
4. A posta ao dispor e asunción dos costes de persoal das ditas salas para a realización tarefas de atención e acompañamento ao público en sala, vixilancia, mantemento e limpeza das salas expositivas.
5. Producción e montaxe e desmontaxe da gráfica en sala (textos de sala, cartelas , vinilos...) dentro dos orzamentos que Afundación asigne a este fin.
6. Deseño do folleto de sala coa información xenérica da actividade.
7. Coorganizar o acto de inauguración en coordinación coa Fundación. A Xunta de Galicia-Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Afundación actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer a exposición, acordando previamente a súa convocatoria e contido.
8. Xestión dos dereitos de propiedade intelectual constituídos sobre as imaxes e materiais que Afundación solicite para a comunicación da Exposición, e que non sexan da titularidade da Fundación.
9. A contratación, produción e execución da campaña de comunicación ou



publicidade que levará a cabo durante a vixencia da actividade, na que se fará constar, como co-organizadores á Xunta de Galicia-Fundación Cidade da Cultura de Galicia. As pezas de comunicación e promoción desenvolvidas para a difusión da exposición enviaranse para validación á Fundación.

10. Na imaxe da actividade, así como en todo o material de comunicación e difusión da mesma, constarán os logotipos da Xunta-Fundación Cidade da Cultura de Galicia, ao mesmo nivel que o de Afundación. O uso dos logotipos será validado por escrito por cada unha das partes con anterioridade á produción de cada un dos materiais.

11. Comunicar á Fundación a programación de actividades a desenvolver nos espazos cedidos e informar puntualmente os cambios no programa.

12. Informar semanalmente o número de visitantes á exposición e entregar unha memoria final cos datos estatísticos de interese.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

O convenio non comporta costes, dado que os mesmos xurdirán coa celebración de negocios xurídicos que se deriven da execución do convenio.

Os custes relativos á adaptación da gráfica e ao envío de catálogos, a contratación do técnico cualificado para rexistro, máis os que correspondan pola coorganización do acto de presentación, serán asumidos pola Fundación contra os seus propios orzamentos para o ano 2026

O resto de custos indicados na cláusula segundo do convenio, derivados da realización da actividade na sede Afundación A Coruña, serán asumidos por Afundación.

CUARTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Fundación, e actuará como secretario un dos representantes da Afundación.



A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de



produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

SÉTIMA.- VIXENCIA

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, isto é, unha vez finalizada a devolución das obras artísticas e materiais expositivos á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2026.

OITAVA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo .

NOVENA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMA.- COMPLIANCE O CUMPLIMIENTO NORMATIVO DE AFUNDACIÓN

Afundación é unha organización especialmente comprometida co respecto da legalidade vixente e coa creación dunha cultura ética corporativa. Para afianzar este compromiso co cumprimento a Lei e as boas prácticas, Afundación dispón un sistema de xestión de compliance que conta, entre outros instrumentos, cun Código Ético -- https://www.afundacion.org/docs/galeria/codigo_etico_2023.pdf -- que contén os



valores e principios éticos que rexen e inspiran a súa actividade profesional, que a outra Parte asume; determinadas políticas (como a de prevención de riscos penais, política anticorrupción, política de conflitos de interese) e protocolos (de xestión do sistema interno de información, xestión de riscos e outros) así como calquera outra norma que sexa aprobada por Afundación para formar parte do sistema de xestión de compliance, que están a disposición para a súa consulta, a través dos seus sistemas internos.

Estas normas, de vital importancia para Afundación son de obrigado cumprimento para a outra Parte do mesmo xeito que para todas as persoas vinculadas á organización. Ademais, Afundación informa da existencia e funcionamento do Sistema interno de información de denuncias, dispoñible a través da web www.afundacion.org, para consultar calquera dúbida acerca da normativa interna así como poñer en coñecemento calquera incumprimento. En todo caso, o Sistema interno de información de denuncias asegura a máxima confidencialidade respecto dos datos vertidos a través do mesmo, incluíndo a identidade do denunciante e do denunciado, sen prexuízo das obrigacións legais e da protección dos dereitos correspondentes ás empresas e persoas acusadas de mala fe. O uso do Sistema interno de información de denuncias require boa fe.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións. As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados no encabezamento

Pola Fundación Cidade da Cultura de
Galicia

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

Pola Fundación Galicia Obra Social


D. Pedro Antonio Otero Espinar
Director Xerente



ANEXO I. Obra

ARTISTA	OBRA	CRONOLOXÍA	TÉCNICA	MEDIDAS	IMAGEN
BLANCA SILVA	África ante Europa	1982	Óleo sobre lienzo	155x205 cm	
BLANCA SILVA	La ola	Década de los 90	Mixta sobre loneta	91x117 cm	
BLANCA SILVA	Sin título	Década de los 80	Mixta sobre lienzo	130x97 cm	
BLANCA SILVA	María	Década de los 80	Óleo sobre cartón	75x10 5 cm sin marco, con marco 87x117 cm	
BLANCA SILVA	Sin título	Década de los 90	Gres blanco cocido a alta temperatura	17x27x27 cm	
BLANCA SILVA	Sin título	Entre 2005 y 2010	Técnica mixta sobre loneta	120x1 30 cm	



BLANCA SILVA	Sin título	2011	Técnica mixta sobre loneta	162x194 cm	
LAURA TERRÉ	Retrato de otro tiempo	1982	Óleo sobre lienzo	100x81 cm	
LAURA TERRÉ	Tres ángeles acuden mientras duermo	1989	Óleo, ceras y lápiz graso, sobre lienzo	393x195 cm (módulos de 131x195 cm)	
LAURA TERRÉ	Un hombre durmiente	1989	Técnicas secas sobre papel	40,5x35x5 cm	
LAURA TERRÉ	Un hombre durmiente	1989	Técnicas secas sobre papel	50,5x35 cm	
LAURA TERRÉ	Dos hombres poderosos a pleno sol	1985	Xilografía. Serie de 25 estampas. Número 2/25	50,5x62,5 cm	
LAURA TERRÉ	Pareja poderosa que huye de la prensa	1985	Xilografía. Serie de 25 estampas. Número 3/25	50,8 x 65,7 cm	
LAURA TERRÉ	PO	1985	Xilografía. Serie de 25 estampas. Número 3/25	61,5 x 50,7 cm	



LAURA TERRÉ	La Calle Churruca de Vigo	1985	Xilografía. Serie de 25 estampas. Número P/E 1 de 25	50,5 x 66 cm	
LAURA TERRÉ	Autoretrato en la pensión	1986	Técnica mixta sobre papel	51 X 70,5 cm	
LAURA TERRÉ	Reseña en la Revista Tintiman, nº5, Vigo, 1984 Texto de Jordi Terré	1984	Imprenta	30 x 40 cm.	
ANA GARCÍA PAN	Recuerdos	1981	Técnica mixta sobre tabla	120 x 150 cm	
ANA GARCÍA PAN	Personajes ciudad selvática	1987	Acrílico sobre tela	90 x 118 cm	
ANA GARCÍA PAN	Ciudad selvática	1987	Acrílico sobre tela	90 x 118 cm	
ANA GARCÍA PAN	Macarra playero	1996	Acrílico sobre tela	160 x 130 cm	



ANA GARCÍA PAN	Jardín de cactus	1990	Acrílico sobre tela	200 x 200 cm	
ANA GARCÍA PAN	Cactus	1990	Acrílico sobre tela	160 x 190 cm	
ANA GARCÍA PAN	Autorretrato	2000	Acrílico sobre tela	42 x 34 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	44x22x3 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	33x20x4 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	34x20x7 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	38x26x7 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	33x20x4 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	34x20x7 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x20x3 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x20x3 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	orcelana	30x25x8 cm	
MILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	Porcelana	30x25x8 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1996	Arcilla roja y óxidos	48x14x15 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1996	Barro reciclado y óxidos	70x18x16 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie doméstico	2009	porcelana	30x25x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1994	Barro rojo y óxidos	64x15x14 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1993	Barro rojo y óxidos	65x20x24 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1995	Barro rojo y óxidos	27x8x9 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	15x2x5x3 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	18x4x4 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1994	Barro rojo y óxidos	64x15x14 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	22x6x6 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	14x4x4 cm	
EMILIA GUIMERÁN S	Serie tubarros	1997	Barro rojo y pigmentos	9x10x4 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	5x20x5 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	4x14x4 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	22x6x6 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	4x24x6 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	2x21x5 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	14x10x6 cm	




EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	2002	Barro blanco y óxidos	22x10x9 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1997	Barro rojo y óxidos	4x24x6 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	2002	Barro blanco y óxidos		
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	2002	Porcelana	24x7x5 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1998	Porcelana	9x26x8 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1998	Porcelana	11x36x10 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	2002	Barro blanco y óxidos		
EMILIA GUIMERÁNS	Serie tubarros	1998	Porcelana	Faltan medidas	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	48x30x16 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	47x30x12 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	49x46x15 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	50x30x13 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	46x35x21 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	49x37x12 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	48x34x16 cm	



EMILIA GUIMERÁNS	Serie montaña	1998	Gres	47x40x21 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	EG 3.9	Serie montaña	1998	Gres	
EMILIA GUIMERÁNS	EG. 3.10	Serie montaña	1998	Gres	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie antídotos	2015	Gres	15x10x10 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie antídotos	2015	Gres	18x11x11 cm	
EMILIA GUIMERÁNS	Serie acumulaciones	1996	Gres y pigmentos	44x142x56 cm	
ANNE HEYVAER T.	Libros	1979	Óleo sobre papel encolado en tabla	34x65 cm	
ANNE HEYVAERT	Pinceles y revista	1986-87	Óleo sobre lienzo encolado en tabla	38x46 cm	
ANNE HEYVAERT	Envoltorio de papel	1979-80	Óleo sobre lienzo encolado en tabla	23x33 cm	
ANNE	Caja abierta	1996	Óleo sobre lienzo	50x60 cm	



HEYVAERT			encolado en tabla		
ANNE HEYVAERT	Caja blanca cerrada	1996	Óleo sobre lienzo encolado en tabla	50x60 cm	
ANNE HEYVAERT	A Vermeer. Mapa sobre mapa	1999	Óleo sobre mapa encolado en tabla	108x109 cm	
ANNE HEYVAERT	Kaleidoscopia Mapa desplegado Francia	2011	Infografía, impresión digital, lápiz, papel inkjet Somerset Velvet, doblado	87x114 cm (Enmarcado con base de cartón pluma con listón de madera blanco: 91x118 cm)	
ANNE HEYVAERT	Mensaje en blanco	2014	Dibujo, lápiz, sobre papel Edition gris	50x50 cm	
ANNE HEYVAERT	Passage	2012-2020	Dibujo a lápiz y tizas sobre papel Edition gris	56x76 cm, con marco 62,5x82x5 cm	
TUSI SANDOVAL	Mujer cercada	2011	Mixta sobre piel	150x165 cm	
TUSI SANDOVAL	Sin título	1998	Óleo sobre lienzo	130x130 cm	
TUSI	Ensoñar	2000	Mixta sobre piel	200x150 cm	



SANDOVAL					
TUSI SANDOVAL	Kandinsky	2004	ixta sobre piel	200x125 cm	
TUSI SANDOVAL	Cuadrados	2002	Piel (collage)	60x200 cm	
TUSI SANDOVAL	Marcelo	2010	Mixta sobre piel	23x23 cm	
TUSI SANDOVAL	Warhol	2010	Piel	23x23 cm	
TUSI SANDOVAL	Visita al cementerio	2013	Mixta sobre piel	23x23 cm	



ANEXO II. Equipos audiovisuais e vitrinas

Equipos

- 4 Pantallas 24" DMTECH con alimentador, mando e cable HDMI
- Player Brightsign LS424 con alimentador e tarxeta micro SD
- 4 Auriculares magnéticos Molitor 4
- Soportes para TV

Soportes e vitrinas

- 1 Peaña (93,5x50x50,5cm) con campá (50x50,5x50,5 cm) para obra de Blanca Silva.
- 1 Vitrina en parede con cristal (20,5x60x80,5 cm) para revista Tintimán de Laura Terré
- 2 Peaña (10x30x30 cm) con campá (30x30x30cm) para 2 pezas de Emilia Guimaráns
- 1 Taboleiro con 2 caballetes para varias pezas de Emilia Guimaráns

Outros

- Cordón de catenaria para a peza do tendal de Emilia Guimaráns

